

ABRIL 2021

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadia media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Abril 2021

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 21/19	Nº	Var. Int. 21/19
VIAXEIROS	1.933.219	-78,8%	100.516	-72,2%
NOITES	4.052.125	-84,9%	192.736	-71,9%
ESTADÍA MEDIA	2,10	-28,5%	1,92	1,3%
% OCUPACIÓN	20,90%	-37,36	15,46%	-21,73
ADR	70,08 €	-16,3%	48,06 €	-15,4%
RevPAR	19,05 €	-64,6%	9,21 €	-60,6%

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

No mes de abril continúa en vigor o estado de alarma declarado o 25 de outubro do pasado ano, manténdose por tanto o toque de queda e as restricións de mobilidade entre as comunidades autónomas, entre outras medidas de control. Neste momento Galicia está nunha situación de certa estabilidade en relación á pandemia, con mellora dos datos epidemiolóxicos, o que permite avanzar no proceso de desescalada.

Na análise dos datos deste mes cabe ter en conta que en abril do pasado ano a situación da pandemia era grave, a poboación estivo en confinamento domiciliario e toda a actividade turística –de aloxamento, restauración e demais- estivo pechada. Por tanto, a comparativa interanual carece de sentido pois realízase sobre un mes sen datos nin de oferta nin de demanda. Por isto para os datos de abril imos realizar a comparación co ano 2019, circunstancia que establecemos fixa a partir de agora para observar en que medida a recuperación da actividade se achega aos niveis previos á pandemia.

Neste contexto o INE estima que en abril abriron en Galicia preto de 1.100 establecementos hoteleiros –dos preto de 1.500 que o fixeron no mesmo período de 2019- que ofertaron un total de 41.473 prazas –das case 61 mil de abril de 2019-.

Isto supón unha caída da oferta dispoñible do 32% en relación ao último mes de abril previo á pandemia, isto é, neste mes ofertáronse dúas de cada tres prazas que estaban dispoñibles en abril de 2019 –obviamente superáronse os niveis do pasado ano cando toda a oferta de aloxamento estaba pechada-.

ABRIL 2021

- En termos xerais a conxuntura turística no sector hoteleiro en Galicia cambia respecto do observado nos últimos doce meses. O resultado global é positivo por canto se xerou un determinado nivel de demanda pero dista do observado con anterioridade á crise.
- Así, neste mes rexistráronse en Galicia pouco máis de 100 mil viaxeiros aloxados e case 193 mil noites, cifras que supoñen algo menos do 30% do que se rexistraba en abril de 2019. A recuperación está en marcha pero Galicia continúa neste mes en estado de alarma, con

medidas restritivas en mobilidade e horarios da actividade turística, co cal aínda queda lonxe dos niveis que se observaban antes da crise.

- Os niveis deste mes de abril marcan un novo mínimo histórico de demanda –obviando o dato do pasado ano-. En abril de 2019 Galicia conseguiu rexistrar algo máis de 685 mil noites no conxunto do aloxamento hoteleiro da comunidade.
- Todas as comunidades autónomas mantéñense neste mes por debaixo dos niveis acadados en abril de 2019. Os destinos que conseguiron recuperar maior cuota de demanda son Navarra e Castela A Mancha, que rexistran entorno a un 35% das noites previas á crise. Seguen en orde de importancia o País Vasco e Aragón, ambas con algo máis do 30%.
- As comunidades que continúan mantendo unha dinámica negativa, por canto fican moi lonxe dos niveis previos á crise, son Andalucía, Baleares e Canarias –estas tres comunidades recuperan neste mes pouco máis do 10% do total da demanda rexistrada en abril de 2019-.
- Neste contexto Galicia sitúase nunha posición relativamente aceptable pois sitúase en quinto lugar no ranking de recuperación da demanda, en comparación cos niveis previos á pandemia –por detrás de Navarra, Castela A Mancha, o País Vasco e Aragón-.
- No conxunto do Estado a recuperación da demanda sitúase no 15%, rexistrando algo máis de 4,0 millóns de pernoctacións.
- En termos de volume Galicia sitúase neste mes na sétima posición absorbendo o 4,8% do total estatal. Mantén a súa posición habitual –se ben en xaneiro colocábase en sexto lugar cun 4,7%- e sitúase por detrás dos principais destinos do Estado –Canarias, Cataluña, Madrid, Andalucía, C. Valenciana, e Baleares-. Canarias é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de abril con preto de 615 mil pernoctacións. Pouco a pouco vai recuperando a súa posición habitual logo de que nos primeiros meses do ano fose superada por destinos como Madrid.
- A recuperación da demanda, lenta pero progresiva, sitúase esencialmente no mercado de proximidade –principalmente o interno-. Isto vén condicionado en grande medida polas restricións de mobilidade aplicadas no conxunto do Estado –impedimento de viaxar entre comunidades autónomas- e a nivel internacional. Desta maneira o mercado interno consegue recuperar en maior medida os niveis de demanda previos á crise –rexistra máis do 60% das noites de abril de 2019, con case 110 mil-.
- Como consecuencia das medidas vixentes a recuperación do turismo receptor é máis lenta. Neste caso o mercado nacional rexistra apenas o 20% do total da demanda de abril de 2019 –con preto de 65 mil noites- mentres que o internacional fica cun 10% do total previo á crise –con pouco máis de 18 mil noites-.
- Isto supón un cambio na estrutura do mercado hoteleiro en Galicia neste cuarto mes do ano, continuando coa tendencia que se viña observando nos meses anteriores e en 2020. O mercado interno gaña peso, en máis de 30 puntos, absorbendo o 57% do total da demanda – en 2019 supoñía o 26%- mentres que o receptor perde representatividade –en 13 puntos o de ámbito nacional cun 34% do total, e en 18 puntos o internacional cun 9% do total neste caso-.

- O cambio na estrutura da demanda non ten procedentes na serie histórica do mes de abril, acadando o mercado interno a súa cuota máis alta e, en cambio, o mercado receptor –tanto nacional como internacional- o seu peso máis baixo.
- A nivel territorial obsérvase tamén un comportamento dispar da demanda. Neste sentido os datos a nivel provincial amosan niveis inferiores aos de abril de 2019 pero a capacidade de recuperación difire. Ourense é a provincia que presenta mellor comportamento en termos relativos por canto sitúase preto do 60% da demanda rexistrada antes da crise. En Lugo a capacidade de recuperación sitúase no 35% mentres que en A Coruña e Pontevedra a porcentaxe baixa do 30%.
- Co 43% das noites hoteleiras –e case 84 mil pernoctacións- A Coruña lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de abril. Seguen en orde de importancia, mantendo a estrutura habitual, Pontevedra –co 29% e 56 mil noites, Ourense –co 14%- e finalmente Lugo –co 13% do total da comunidade-.
- A estadía media hoteleira fica relativamente estable en pouco máis de 1,9 noites. Nun sentido estrito supera nun 1,3% a cifra de 2019 marcando a cifra máis alta dos últimos sete anos.
- Os niveis de ocupación fican tamén lonxe dos rexistrados antes da pandemia. Neste mes de abril ocupáronse o 15,5% das prazas ofertadas, porcentaxe que ascendía ao 37,2% antes da crise.
- Baleares rexistra neste mes a cifra de ocupación máis alta do conxunto do Estado cun 31,2% de media. Seguen en orde Canarias –cun 26,2%- e Murcia –cun 24,8% neste caso-. No lado contrario A Ríoxa marca a cifra máis baixa cun 13,4% neste caso. Neste ranking Galicia ocupa unha posición baixa mellorando as cifras de catro destinos: Cantabria, Estremadura, Asturias e A Ríoxa.
- As tarifas hoteleiras sitúanse en 48,1 euros, cifra que tamén se sitúa por debaixo do rexistrado en abril de 2019 –cando ascendía a 56,8 euros de ingreso medio por habitación ocupada-. Sitúanse un 15% por debaixo do nivel previo á crise.
- Galicia rexistra neste mes a segunda tarifa máis baixa do conxunto do Estado, superando só a cifra de Asturias –que presenta un prezo medio de 46,0 euros-. Canarias, con 107,8 euros, rexistra a cifra máis alta neste mes, marcando distancia cos restantes destinos do Estado.
- En termos de rendibilidade rexístrase tamén unha caída neste mes en comparación cos niveis previos á crise. Como consecuencia dun menor nivel de demanda nun contexto de tarifas máis baixas o RevPAR hoteleiro descende neste mes en comparación cos niveis de abril de 2019 –pasa de 23,4 euros de ingreso medio por habitación dispoñible antes da crise a 9,2 euros neste ano-.
- Con esta cifra Galicia rexistra o RevPAR hoteleiro máis baixo do conxunto do Estado. Neste sentido os establecementos hoteleiros da comunidade obteñen menor nivel de rendibilidade fronte a outras comunidades. Son xustamente os destinos insulares –Baleares con 40,1 euros e Canarias con 33,2 euros- os destinos de maior rendibilidade hoteleira neste cuarto mes do ano. Baleares é tamén a comunidade de mellor recuperación fronte aos niveis rexistrados en abril de 2019 –sitúase preto do 70% do nivel acadado nese ano-.

- En termos globais estímase que o sector hoteleiro de Galicia obtivo uns ingresos totais próximos a 6,8 millóns de euros neste mes de abril, cifra que supón aproximadamente o 30% do acadado no mesmo período de 2019.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Abril 2011-21




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Abril 2021/19




Fig. 3. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Abril 2021/19




Fig. 4. Evolución da estadia media. Abril 2011-21




Fig. 5. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Abril 2011-21




Fig. 6. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Abril 2011-21

